



## MERCADO E FESTA DO MAR 2022

**BASES PARTICIPACIÓN EXPOSITORES**

**Rumbo ao  
MERCADO E FESTA DO MAR!!**

## DATAS E HORARIOS:

- **Sábado 17 de setembro, de 12 h. a 21 h.**
- **Domingo 18 de setembro, de 11 h. a 20 h.**

**LUGAR:** Explanada do Parrote (zona portuaria da Marina) na cidade da Coruña.

<https://goo.gl/maps/dztqah2JbAuu3Qif8>

O **Mercado e Festa do Mar** é un evento inserido dentro do Festival Mar de Mares ([www.festivalmardemares.org](http://www.festivalmardemares.org)) onde expoñer, difundir e vender produtos e servizos que o tecido produtivo galego ten arredor do mundo do mar coas premisas de calidade e sostibilidade. Tamén terán cabida as empresas e entidades cuxa actividade (artesanías, saúde, turismo, etc.) teña relación directa coa sostibilidade, e as boas prácticas ligadas ao mar.

En paralelo programaranse actividades para todas as idades e públicos, obradoiros, degustacións, animacións e música en vivo.

## EQUIPAMENTO APORTADO POLA ORGANIZACIÓN

Carpa de 3x3 m. (ou 6x3 m. suxeita a condicións especiais)

Mesa-mostrador.

1 cadeira.

Iluminación.

Toma de corrente eléctrica.

Rotulación identificativa.

Colectores para o lixo.

Servizo de vixilancia nocturna.

### **PREZO INSCRICIÓN ANTICIPADA (inscricións realizadas ata o 12 de xullo)**

2 xornadas (sábado 17 e domingo 18): **100 eur + 21% IVE**

1 xornada (sábado ou domingo): **60 eur + 21% IVE**

### **PREZO NORMAL (inscricións realizadas despois do 12 de xullo)**

2 xornadas (sábado 17 e domingo 18): **130 eur + 21% IVE**

1 xornada (sábado ou domingo): **80 eur + 21% IVE**

(\*) No caso de requirir equipamento ou condicionantes especiais, os importes poderán verse modificados.

De ser aceptada a solicitude por parte da Organización, esta poñerá en contacto coa entidade para aportar os datos necesarios do pago da inscrición.

Na adxudicación terase en conta a orde de chegada da solicitude e a tipoloxía da oferta presentada. O envío da solicitude non implica a aceptación da mesma, quedando baixo o criterio da Organización unha vez valorada a súa adecuación ao evento.

### **FOODTRUCKS:**

Prezos en función dos requirimentos técnicos (*consultar*).

### **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

Para inscribirse deberá enviarse a solicitude de participación ao correo-e [info@festivalmardemares.org](mailto:info@festivalmardemares.org) aportando os seguintes datos:

- Nome da entidade solicitante
- Enderezo
- CIF/NIF
- Web
- Persoa de contacto (nome e apelidos)
- Teléfono
- Correo-e
- Datas solicitadas
- No caso de ofrecerse algunha actividade extra (degustación/obradoiro/etc), especificar características, nº de persoas beneficiarias, franxa de idade e duración (poderá formar parte do programa de actividades do Mercado).
- Para incentivar o consumo e a difusión de marca, estaría disposto/a a aportar gratuitamente algún produto destinado a ser sorteado publicamente (especificar)?
- De ser o caso, detallar que tipo infraestrutura empregaría no stand (tipo de cociña, forno, nevera, acuario, tv, etc.) indicando a potencia eléctrica necesaria.

### **HIXIENE E SOSTIBILIDADE**

Estamos firmemente convencidos de que temos que dar pasos exemplares no coidado do noso planeta, e en especial dos nosos mares. Avogamos por un uso intelixente do plástico evitando o de un só uso. Por isto non se permitirá o uso deste material en palliñas, vaixela, botellas, bolsas, etc., podendo empregarse no seu lugar utensilios biodegradables compostables

(desaconséllase o uso de bioplásticos). As solicitantes deberán detallar as características do material que teñan previsto empregar na súa actividade.

Cada participante deberá manter limpo o seu posto e a contorna do mesmo durante o evento.

Os residuos xerados durante a actividade deberán depositarse, correctamente procesados, nos colectores proporcionados pola Organización.

Non se permite o uso de equipos de son nos postos.

## **SEGURIDADE**

Aínda que a Organización aporta un servizo de vixilancia, cada entidade é responsable dos seus artigos. A Organización non se responsabiliza de roubos, perdas ou danos durante a celebración do evento.

Se por causa de forza maior se aprazase ou suspendese a celebración do evento, as entidades participantes comprométense a non exixir compensación polos posibles danos ou prexuízos máis aló da devolución da cota de inscrición.

A participación no Mercado e Festa do Mar implica a aceptación das presentes bases.

